

CARLOS SEIJO


A Coruña 1980

Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Pontevedra

Beca Séneca na Universidade de Barcelona UB

Realizador e director creativo en [Maxina](#)

Docente na Escola Superior Marcelo Macías



BIO

Interésase desde neno polas artes, na súa mocidade gaña varios certames de pintura e participa en diferentes exposicións. Comeza a súa andaina no mundo profesional con 20 anos, como debuxante e ilustrador para diferentes empresas de publicidade. Compaxina este traballo co estudo de **Belas Artes**, carreira na cal é licenciado. Neste período mergúllase no videoarte, gaña o primeiro premio de *Creación Audiovisual da Universidade de Vigo* e obtén tamén o terceiro galardón do *Novos Creadores 2005* da Xunta de Galicia. Xa no final da súa etapa académica emprende a súa carreira cinematográfica con *Élévation*, que acada o segundo premio *GZCrea 2006* da Xunta de Galicia. Un ano despois preséntase ao *Festival On/Off de Ribadeo* e consegue o primeiro galardón con *Sen Escrúpulos*. Séguenlle outras curtametraxes, *Pode Ser* (2008), *Empatía* (2009) e *Kune* (2010), que participarán en diferentes festivais de índole nacional e internacional. Actualmente lidera [Maxina](#), xunto coa súa irmá Noela Seijo, unha axencia creativa enfocada á estratexia e produción de contidos audiovisuais. Nela veñen realizando diferentes traballos que pouco a pouco van obtendo recoñecemento, como é o caso do videoclip *Olas del Sur*, finalista nos **Hollywood Music Awards 2015**.

Ao mesmo tempo, é profesor na Escola Superior Marcelo Macías desde o ano 2010, onde imparte as materias de Debuxo e Técnicas Audiovisuais. Foi **coordinador do proxecto QVO** para nenos de altas capacidades no 2012 e docente en varios **talleres de cinema en ASAC** (Asociación de Altas Capacidades de Galicia) onde gaña o primeiro premio do *Certamen Nacional de Cortometrajes Juvenil No te cortes!* pola curta *Eclosión*.

REALIZADOR e GUIONISTA

Videocreación *Cordero Místico* (2004)

Videocreación *Fondendo na Habitación de Pai e Nai* (2005)

Curtametraxe *Élévation* (2006)

Curtametraxe *Sen Escrúpulos* (2007)

Curtametraxe *Pode Ser* (2008)

Curtametraxe *Empatía* (2009)

Curtametraxe *Kune* (2010)

Guionista en spots de desenvolvemento sostible da Familia Pampín de Miguelanxo Prado (2010)

Realización do documental *Canto de Permanencia* de Uxío Novoneira (2011)

Spot para compañía eléctrica Esinor (2012)

Spot para a ONG Help Children Barcelona (2012)

Animacións en 3D para Dante Symphony (2013)

Animacións para o Abastos 2.0 (2014)

Videoclip para o tema *Olas del Sur* de Daniel Minimalia (2015)

Cabecera para a serie *En Coma* estreada na TVG (2015)

Documental Testimonio Santos para Cocinas Santos (2015)

Documental *O Espantallo Amigo* protagonizado por Xosé Neira Vilas (2015)

